MAIO - XUÑO 2017

LUGH

NO PANTEÓN CELTA DE BREOGÁN



O Breo honra a súa historia

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

A EXPO DOS 50

A Sala de Exposicións da Deputación de Lugo en San Marcos acolleu o percorrido por medio século de Breogán. Camisetas de xogadores emblemáticos, zapatillas, fotografías, vídeos e algunhas curiosidades sobre a historia celeste, encheron unha sala que fixo pasar una minutos especiais a tódolos afeccionados, en especial ao máis nostálxicos.

Estas iniciativa, que contou co patrocinio da Excma. Deputación de Lugo e a colaboración da Rede Muséistica Provincial, entra dentro do programa de celebracións do 50 aniversario do Breogán e procura tamén o achegamento de xente de tódalas idade, es especialmente aos máis novos, aos museos provinciais e, por extensión, ao coñecemento da súa propia historia.

Xornada conmemorativa dos #50anosdeBreo con colectivos e fomentando as redes de traballo

A Sala de Exposicións da Deputación acolleu un punto de encontro, Rede Museística, Breogán e outras entidades

O traballo desenvolvido durante os últimos meses dende Breogán co patrocinio de Deputación de Lugo, o apoio da Rede Museística e de moitas asociación, clubs deportivos, entidades, etc... puxo o seu punto e seguido nunha xornada con encontro na exposición do 50 aniversario celeste con charla da Xerente da Rede Museística, Encarna Lago, na que falo una importancia das redes a tódolos niveis para a procura dun cambio social e unha mellora no entorno no que vivimos.

Ao encontro acudiron representantes de diversos colectivos e participaron nunha simbólica rede física e achegas e posta en común dos desexos para avanzar en aspectos como a accesibilidade ou a integración, propósitos de moitos dos presentes.

A xornada contou tamén cun paso por un fotocol elaborado grazas á colaboración desinteresada da empresa presumedepueblo.com

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

Leite e baloncesto, para medrar

Xogadores do Breo e a mascota Máximus quixeron estar con escolares da provincia na Aula Láctea con motivo da celebración do Día Mundial do Leite

Agasallos de marcas lácteas desenvolvidas neste centro punteiro de Lugo, e moito que aprender sobre os beneficios do leite, e os procesos de transformación dende as granxas ata o consumidor, foron algunhas das conclusións que os escolares levaron dunha mañá moi especial nun centro punteiro a nivel internacional.

O CB Breogán colabora habitualmente nesta celebración e sempre está presente en actividades que se vencellen cos hábitos saudables, como parte do plan de patrocinio da Deputación de Lugo para a promoción do deporte e dos valores asociados, entre os máis novos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAMPUS TERRA

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

O Breo, comprometido coa loita contra o cancro

O xogador Rafa Huertas estivo nunha das mesas onde se recadan fondos para a loit contra unha das doenzas que máis preocupan na sociedade.

O compromiso coa loita contra as doenzas forma parte do proxecto celeste, que na presente tempada, como en pasados cursos, dedicou varios encontros a dar visibilidade ao traballo de plataformas tan importantes como a AECC ou Somos Unidos, que tiveron a dedicatoria de partidos e doutras iniciativas que contaron, como é habitual coas causas solidarias, co apoio da masa social breoganista.

O compromiso coa causa conta co impulso e patrocinio da Deputación de Lugo, implicado co Breogán na difusión dos valores unidos ao deporte, os hábitos saudables e as causa solidarias.

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

O Breo colaborou con Cáritas na recollida de donativos

O Cafés Candelas Breogán rematou hai unas semanas a súa tempada deportiva, pero o compromiso social segue adiante e unha das actividades nas que o club quixo estar presente foi a oganizada por Cáritas Diocesanas de Lugo con motivo do “Día da Caridade”.

Cáritas traballa a favor de centos de familias desfavorecidas en diversas situación de necesidade.

Salva Arco e o presidente Jesús Lázare visitaron unha das mesas de recollida de donativos e mesmo fixeron as súas achegas.

Esta iniciativa contémplase no convenio de colaboración que o Breogán e Cáritas asinaron a inicios de tempada e que conta co impulso da Deputación Provincial de Lugo.

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

O Xornalista Paco Rivera expuxo «Historias, segredos e valores do Breogán»

Paco Rivera é un dos informadores que más anos seguiu ao Breogán neste medios século. El estaba naquelas primeiras retransmisións radiofónicas que contaban os inicios e as primeiras batallas na pista do equipo lucense ante os grandes do deporte da canastra. Paco coñece moitas historias íntimas daqueles primeiros anos e compartiunascos afeccionados na sala de exposicións do Pazo de San Marcos, onde permaneceu tamén a exposición con motivo dos 50 anos de Breogán.

Repaso por anécdotas, curiosidades e historias que Rivera garda na memoria e que forman parte do patrimonio histórico do Breo, e de Lugo.

Unha tarde cos amigos de San Vicente de Paul

Durante a tempada, os traballadores e voluntarios de San Vicente, incluíron a asistencia aos partidos do Breogán en parte das actividades de ocio dos internos. Moitos deles son grandes afeccionados e levan anos amosándonos o seu apoio e cariño. O Breo debíalles unha visita e foron Salva Arco e Quique Fraga os encargados de pasar unha tarde moi agradable con eles no seu centro.

Unha charla na que se falou de baloncesto e na que os internos presumiron do seu equipo de básquet adaptado, e tamén na que resolveron moitas dúbidas sobre o día a día dos deportistas, centrou a visita na que tamén houbo tempo de coñecer o centro e mesmo compartir parte dunha clase de actividade física no ximnasio.

En definitiva unha experiencia que repetiremos e que completaremos na vindeira tempada coa participación de xogadores e técnicos celestes nalgunha sesión de adestramento do equipo de San Vicente.

Agradecemos á dirección, persoal e internos do centro o seu apoio durante a tempada, e o cariño con que nos recibiron.

Ata pronto!

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

Regreso sonoro aos inicios do Breo

Paco Nieto e Paco Basanta servíronse da maxia radiofónica para lembrar ao Lugo dos 60 e 70

Nunha charla ofrecida na Sala De Exposicións da Deputación de Lugo, onde se expoñen pezas dos 50 anos de Breogán, Paco Nieto, acompañado de Paco Basanta, fixo un repaso polos tempos onde o Breo daba os seus primeiros pasos.

Cuñas publicitarias da época, fragmentos de entrevistas a xogadores e directivos dos inicios, curiosidades e moitas lembranzas, encheron unha minutos de morriña para os máis veteranos e de aprendizaxe para os máis novos asistentes a á charla.

Esta iniciativa márcase dentro do programa de patrocinio da Deputación de Lugo co CB Breogán.

50 ANIVERSARIO

Mesa redonda

DO INDIVIDUAL AO COLECTIVO

NO DEPORTE LUCENSE

Paco Villanueva
Dirixente Deportivo

Modera:
Tito Diéguez
Xornalista

Tito Valledor
Presidente Club Fluvial

Rubén López
Psicólogo

Mariano Castiñeira
Traumatólogo e adestrador

Mércores 28 de xuño, 19:00 horas
Sala de Exposicións Deputación de Lugo
Rúa San Marcos. Entrada libre.

DEPUTACIÓN DE LUGO

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO